

# CSAG

# PL-SEG-01 Política de Seguridade da Información – Resumo

María Concepción Pombo Romero  
DIRECTORA XERAL  
Santiago de Compostela, 22/07/2025

---

## ÍNDICE

<b>1.</b>	<b>Resumo da Política de Seguridade da Información de CSAG</b>	<b>3</b>
1.1	Obxectivos da política	3
1.2	Ámbito de aplicación	3
1.3	Principios clave	4
1.4	Relación con terceiros	4
1.5	Conclusión	4
	<b>Control de versións</b>	<b>5</b>

# 1. Resumo da Política de Seguridade da Información de CSAG

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG), como entidade pública de comunicación, considera a seguridade da información como un elemento estratéxico esencial para garantir a calidade, continuidade e confianza dos servizos que presta á cidadanía. Esta política establece as directrices e principios que rexerán a protección dos sistemas de información e dos datos que xestiona, garantindo o cumprimento da lexislación vixente e os estándares técnicos máis esixentes, como o **Esquema Nacional de Seguridade (ENS)**.

## 1.1 Obxectivos da política

A finalidade da Política de Seguridade da Información é establecer un marco común que:

- Asegure a **protección da información** fronte a accesos non autorizados, modificacións indebidas, perda ou destrución.
- Garanta a **dispoñibilidade, confidencialidade, integridade, autenticidade e trazabilidade** da información e dos servizos.
- Estableza un **modelo organizativo de seguridade**, con funcións e responsabilidades claramente definidos.
- Promova a **prevención, detección, resposta e recuperación** ante incidentes de seguridade.
- Axude á CSAG a **cumprir a normativa legal e técnica**, como o ENS, o RGPD e demais leis sectoriais.

## 1.2 Ámbito de aplicación

A política é de obrigado cumprimento para todos os sistemas de información e servizos tecnolóxicos que dan soporte ás funcións da CSAG, incluíndo:

- Sistemas corporativos.
- Persoal interno e externo.
- Provedores e terceiras partes con acceso a sistemas ou datos.

Tamén se estende aos procesos asociados á administración electrónica, tratamento de datos persoais e prestación de servizos dixitais.

## 1.3 Principios clave

- **Xestión de riscos:**  
Realízanse análises de riscos periódicas para identificar ameazas, avaliar o impacto potencial e establecer medidas de protección axeitadas. Os riscos residuais son avaliados e aceptados polos órganos competentes.
- **Protección de datos persoais:**  
CSAG garante o cumprimento estrito do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD), designando un Delegado de Protección de Datos (DPO) que supervisa o correcto tratamento da información persoal.
- **Xestión de incidentes:**  
Establécense procedementos para a prevención, detección, resposta e recuperación ante incidentes de seguridade, con mecanismos de coordinación co CSIRT.gal e outros organismos.
- **Organización da seguridade:**  
A política define papeis específicos como o Responsable da Información, Responsable do Servizo, Responsable de Seguridade da Información e Administrador da Seguridade do Sistema. Estes roles aseguran unha xestión eficaz e coordinada da seguridade.
- **Formación e concienciación:**  
CSAG desenvolve un plan continuo de formación e sensibilización en ciberseguridade para todo o persoal, mediante cursos anuais, píldoras informativas e accións específicas segundo os perfís de risco.
- **Seguridade desde o deseño:**  
A seguridade intégrase en todo o ciclo de vida dos sistemas TIC, desde o deseño ata a súa retirada, pasando pola adquisición, desenvolvemento, operación e mantemento.
- **Control e mellora continua:**  
A política revisase anualmente ou cando se produzan cambios significativos, promovendo unha cultura de mellora continua en seguridade da información.

## 1.4 Relación con terceiros

As terceiras partes que presten servizos ou xestionen información para a CSAG están obrigadas a cumprir esta política e a normativa de seguridade aplicable. Establécense procedementos de control, comunicación de incidentes e formación para garantir o seu aliñamento cos requisitos da organización.

## 1.5 Conclusión

A CSAG aposta decididamente por unha xestión segura, responsable e proactiva da información. Esta política representa un compromiso firme coa calidade, coa confianza da cidadanía e co respecto ás obrigas legais e éticas nun contorno dixital en constante evolución.

## Control de versións

Versión	Data	Editor	Descrición
1.1	07/07/2025	Xefe do Servizo de Sistemas	Cambio da denominación 'Corporación de Radio e Televisión de Galicia' a 'Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia'
1.0	24/03/2025	NexTReT	Versión inicial. Este documento é un resumo da PL-SEG-01 Política de Seguridade CRTVG, que foi aprobada polo CSI en data 21/03/2025

Editado: NextRet  
Data: 24/03/2025

Revisado: Xefe do Servizo de Sistemas  
Data: 07/07/2025

Aprobado: CSI  
Data: 22/07/2025

*Este documento é propiedade exclusiva da CSAG. Queda prohibida a súa copia, reprodución, difusión, ou publicación, total, parcial, ou en extracto, e sexa cal sexa o medio técnico empregado para iso. Este documento só poderá ser utilizado polo seu destinatario, para o fin para o cal foi concibido, e conforme as condicións contractuais pactadas coa CSAG.*